


**MESA PRÁ DEFENSA DEL GALEGO DE ASTURIAS
E DA CULTURA DA COMARCA**



**NORMAS ORTOGRÁFICAS
E MORFOLÓXICAS DEL GALEGO
DE ASTURIAS**

**NORMAS ORTOGRÁFICAS
E MORFOLÓXICAS DEL GALEGO
DE ASTURIAS**

A publicación desta obra foi posible gracias ás subvenciois concedidas en 1989 pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e polo Servicio de Política Lingüística da Consejería de Educación, Cultura y Deportes da Xunta do Principado de Asturias.

© B. Fernández Braña, X. C. Álvarez Blanco, X. Babarro González,
F. Fernández Rei, C. Martínez Fernández, A. Meilán García,
A. Santamarina Fernández.

Edita MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da
Cultura da Comarca)

ISBN: 84-404-7594-2

DLG: C - 1943 - 90

IMPRIME: TÓRCULO ARTES GRÁFICAS

LIMIAR

Os Concellos máis occidentales de Asturias falan unha variante da lingua galega, tal como se pode apreciar nos xa clásicos artigos de Dámaso Alonso sobre aspectos desta área del "galego exterior" ou nas investigacións recentes levadas a cabo polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago prá elaboración del *ALGa (Atlas Lingüístico Galego)*, así como nas memorias de licenciatura e teses de doutoramento realizadas nos anos setenta e oitenta principalmente nas universidades de Oviedo e de Amsterdam.

Esta galeguidade lingüística, incuestionable científicamente, non se teve en conta na radacción del Estatuto de Autonomía de Asturias, aprobado en decembro de 1981, pois nos artigos 4 e 10.1 unicamente se fala da protección, promoción, difusión e incorporación voluntaria al ensino del "bable en sus diversas variantes".

El esquecemento oficial da lingua dos concellos máis occidentais de Asturias continuou despois da creación da Oficina de Política Lingüística (1985) e tamén coel Servicio de Política Lingüística (1987). Desde estas instancias técnicas promocionouse el uso e a normalización da lingua asturiana, pero aínda non se ten feito nada semellante cos 18 concellos de fala galega. Houbo reticencias e incomprensións en relación coas reivindicacións levadas a cabo polos asturianos galego-falantes; aínda que tamén hai que dicir que, por mor da alienación, as reivindicacións foron mui escasas.

A finales de 1986 naceu el Grupo de Eilao Pro-Defensa da Nosa Lingua, que tía entre os seus obxectivos fer unha denuncia da deixadez oficial en materia de política lingüística dos asturianos galego-falantes e opoñerse a unha posible transculturización. El Grupo de Eilao foi el grumo da MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca), que se constituíu en Grandas de Salime el 30 de outubro de 1988, con afiliados e ámbito de acción en tódolos concellos occidentales e que celebrou a I Asemblea Xeral en Santiso de Abres el 29 de Xaneiro de 1989.

Fronte á indiferencia e á insensibilidade que nos anos pasados manifestou el Gobierno del Principado pola problemática sociolingüística dos concellos de fala galega -a mostra máis recente é a inexistencia dunha campaña de dignificación del uso del galego paralela á que vén realizando coel asturiano-, a MDGA, mui modestamente, pero con muita ilusión, pretendeu desde a súa constitución contribuir á recuperación da conciencia idiomática del occidente e á dignificación del uso da lingua propia, feitos previos, ou polo menos simultáneos, á necesidade dunha norma lingüística.

De acordo con estes obxectivos a MDGA esteve presente en diferentes encontros científicos nos que se analizou a problemática da Asturias de fala galega, presentando comunicaciois algú dos seus membros. Prá redacción dunhas normas ortográficas e morfolóxicas desta área del galego oriental foi decisivo el curso **Los caracteres generales del gallego de Asturias / Os caracteres xerais do galego de Asturias**, que se desenvolveu os días 15 e 16 de marzo de 1990 na Universidade de Oviedo, despois de ser aprobado polo sou Vicerrectorado de Estudiantes e Extensión Universitaria.

Deste curso elaborouse unha conclusión con estes tres puntos básicos:

"1º. As falas del extremo occidental de Asturias son unha variante del galego oriental, e non un galego asturianizado nin un asturiano agalegado. Datos lingüísticos e extralingüísticos (toponimia, etnografía, epigrafía, dereito consuetudinario...) confirman a unidade lingüística e cultural coa zona galega vecía.

2º. As normas ortográficas e morfolóxicas que se elaboren pra esta zona deben ter sempre como referencia el galego común, respectando a personalidade lingüística da área.

3º. Os poderes públicos del Principado de Asturias deben iniciar xa unha política de dignificación e normalización tanto del galego no occidente como da lingua asturiana no resto da provincia, con especial atención al ámbito escolar".

Outras reuniois científicas de interese ás que asistiu a MDGA son as seguintes: **O galego causa común. Encontros do galego exterior**, organizado pola Mesa pola Normalización Lingüística de Galicia (Santiago, 22-24 de novembro de 1989); el **I Congreso da Lingua e da Cultura Galegas en Asturias, León e Zamora**, del Clube Cultural Adiante (Celanova, 21-22 de decembro de 1989); e el simposio de antropoloxía **Nos lindeiros da galegitude**, del Consello da Cultura Galega (O Cebreiro, Proba de Navia, Vilafranca do Bierzo, 6-8 de xullo de 1990).

Neste tempo, a MDGA creou e coordinou unha comisión lingüística formada por membros e simpatizantes da Mesa, todos eles sensibilizados pola problemática socio-lingüística da zona. Dita comisión elaborou as presentes *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*, que pretenden ser unha ferramenta pra introducir a nosa lingua nas escolas, na administración, nos medios de comunicación, etc; e á vez servir de referente para que os nosos escritores intenten unificar no que seña posible os seus escritos. Os redactores destas *Normas* desenvolveron nelas basicamente as conclusións que sobre a problemática da estandarización del galego de Asturias se aprobaron nos Congresos de Santiago e Celanova e no curso de Oviedo antes mencionado.

A tódolos que dalgún xeito participaron na elaboración da presente normativa, tanto aos que fixeron críticas dos diferentes esbozos como á ponencia redactora, quero darles as grazas en nome da MDGA polo sou desinteresado traballo.

Como asturianos que non renunciámos á nosa lingua e á nosa cultura propia, porque non renunciámos a ser nós mesmos, queremos con esta primeira publicación da MDGA contribuír á dignificación e á difusión del uso del galego no occidente de Asturias, á vez que desexamos vehiculizar na nosa propia lingua a problemática de A NOSA TERRA, tradicionalmente marxinal e esquecida dos poderes oficiais.

Ofrecemos aos poderes públicos del Gobierno del Principado de Asturias este noso traballo pra calquera campaña institucional de normalización da lingua galega, a propia dos concellos occidentais.

Eilao, xulín de 1990

Benigno Fernández Braña
Presidente da MDGA

INTRODUCCIÓN

1. A partir dos anos setenta a lingua galega comezou a ter certos niveles de oficialidade (ou normalidade) e é a partir de entón cando se sente como inaprazable a intervención consciente no idioma coa elaboración dunha normativa. Porque non é concebible que se poida ensinar un idioma e que se poida normalizar se antes non foi reducido a un código común. Realmente é agora cando está habendo unha verdadeira planificación, pois coa escola e cos medios de comunicación facilítase a socialización das propostas.

Os galego-falantes de Asturias, O Bierzo e As Portelas de Zamora non incorporaron a esta tarefa de elaboración del galego case ningunha personalidade de relevo nin se sentiron ata hai pouco atraídos polos cultivadores del "galego interior". Tendo en conta que un falante de Grandas de Salime non ten por qué estimar menos a súa lingua ca un da Fonsagrada, cabe a sospeita de que, á parte das fronteiras administrativas que deixaron fóra de Galicia unha franxa oriental de lingua e cultura galega, foi moi negativa a falta dunha cidade. A cultura del libro, da revista ou del folleto, en xeral, é urbana; así, condo nas terras del "galego exterior" aparecían individualidades identificadas (el caso de Armando Cotarelo Valledor ou Fermín Penzol no occidente de Asturias) marchaban pra Galicia e uníanse al sou desenvolvemento cultural.

Lingüísticamente, non cabe dúbida de que as falas galegas de Asturias e de Castela-León tein unha forte personalidade, por presentaren trazos fonéticos e léxicos de alto rendimento que as separan del galego "normativo" actual, empezando polos diminutivos, pasando polos artigos e polos pronomes e acabando nos verbos irregulares. El feito de que exista un movemento reivindicador deste galego e que se reclame pra él algún tipo de normalización, tutela ou protección supón que lle hai que buscar algún tipo de norma.

2. Tendo en conta que as falas del occidente de Asturias son unha variante del galego oriental, as presentes normas tein como principal referencia a actual normativa galega oficial de 1982, elaborada polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago e pola Real Academia Galega, de igual modo que el catalán da Comunidade Valenciana, das Illas Baleares, del Rosellón Francés e da vila sarda de Algher tein (ou deben ter) como referente as normas ortográficas e morfolóxicas del IEC (Institut d'Estudis Catalans).

Aínda que a MDGA non renuncia á plena integración del galego de Asturias no galego común, nesta normativa de compromiso, elaborada especialmente prá alfabetización, respéctanse de modo especial solucións morfolóxicas e léxicas caracterizadoras desta área

lingüística del bloque oriental. A MDGA quere incorporarse al actual proceso de elaboración da lingua galega, enriquecéndoa con aportacións lingüísticas dos concellos que son de fala e cultura galega.

Adoptar unha decisión ignorando a lingua de Galicia, implica que as falas del extremo occidental de Asturias van quedar condenadas, no mellor dos casos, a ser unha reliquia esmorecente, unha curiosidade lingüística (e cultural) mentres non desaparezan totalmente. En calquera caso, unha decisión antigalega sería coutar xa el proceso de recuperación e normalización da minoría lingüística que vive entre a fronteira administrativa de Galicia e a coincidente coel río Frexulfe (máis alá del río Navia) e as montañas que separan el galego del asturlano occidental.

3. Na elaboración das *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias* os membros da Comisión, ademais de material inédito recollido mui recentemente, tiveron en conta el recopilado nos sete puntos de Asturias que figuran no *Atlas Lingüístico Galego* (Plantón-A Veiga, Salave - Tapla de Casariego, Coaña, Boal, Villanova de Ozcós, Pezós e San Antolín de Ibias), en especial os mapas del volume I sobre morfoloxía verbal (1990) e os esbozos de mapas do volume II relativos á morfoloxía non verbal. Tamén se manexaron as monografías de Celso Muñiz (*El habla del Valledor. Estudio descriptivo del galego asturiano de Allande*, Amsterdam, 1978) e de José García (*El habla de El Franco*, Mieres del Camino, 1983), así como as memorias de licenciatura de A. Meilán sobre Castropol (1980) e de X. Carlos Álvarez Blanco sobre Eilao (1983) e outras investigacións, especialmente as xa clásicas de B. Acevedo y Huelves (léxico de Boal e El Franco fundamentalmente) e as de Dámaso Alonso sobre Os Ozcós e aspectos varios del galego de Asturias.

4. En todo caso, esta proposta pretende ser unha norma del galego común asturiano, porque non pode haber unha norma prá fala da Veiga e outra prá de Tapia ou Ibias. É necesario el sacrificio de solucións particulares na busca dun estándar que recolla da mellor maneira a realidade falada nos diferentes concellos.

Nos dobles (artigo *el, o*; posesivos *tou, teu*; demostrativo *estos, estes* ou pronome persoal *ellos, eles*, por ex.) a primeira forma, en xeral, é a máis espallada no galego de Asturias, mentres que a segunda é a del galego común, que nalgús casos se rexistra en concellos lindandes con Galicia (o caso do artigo *o* por exemplo en Taramundi e Abres). Nos paradigmas verbales, sobre todo nos irregulares, respectouse a individualidade desta área lingüística; fóra dos cadros figuran solucións del galego común, ou ben formas tamén recomendables que unicamente se rexistran nalgús concellos.

5. A redacción e revisión final desta normativa foi realizada por:

Xosé Carlos Álvarez Blanco, Profesor Agregado de Lingua e Literatura Española. É autor de *El habla del Concejo de Illano (Margen occidental del río Navia)*, memoria de licenciatura defendida na Universidade de Oviedo en 1983.

Xoán Babarro González, Catedrático de Lingua e Literatura Galega no Instituto Nacional de Bacharelato "A Sardiñeira" da Coruña. É autor de libros de texto prá aprendizaxe da lingua galega en Preescolar, E.X.B. e B.U.P. Está elaborando a tese de doutoramento sobre o tema *Galego de Asturias: delimitación, caracterización e situación sociolingüística*.

Francisco Fernández Rei, Profesor Titular de Filoloxía Románica e Director del Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago. Coordinou e redactou el volume I (2 tomos) del *Atlas Lingüístico Galego. Morfoloxía verbal* (Instituto da Lingua Galega / Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa", 1990). É autor de *Dialectoloxía da Lingua Galega* (Xerais, Vigo, 1990) e de "Textos do galego exterior: Piantón (A Veiga-Oviedo), Paradaseca do Bierzo (León) e Lubián (Zamora). Caracterización lingüística" en *Homenaje a Álvaro Galmés de Fuentes*, I (1985), 171-197.

Celso Martínez Fernández, Catedrático de Lingua Española da E.U.F.P. de E.X.B. da Universidade de Oviedo. Publicou no *BIDEA* varios artigos sobre aspectos antropolóxicos da "mesopotamia" Eo-Navia. Dirixiu o curso de extensión universitaria *Los caracteres generales del Gallego de Asturias / Os caracteres xerais do galego de Asturias* (Oviedo, 15-16 de marzo de 1990).

Antonio Meilán García, Profesor Asociado de Lingua Española na Facultade de Filoloxía da Universidade de Oviedo. É autor de "Manifestaciones culturales en As Figueiras y su contorno" en *Estudios y trabayos del Seminariu de Llingua asturiana*, Uvieu, 1978, 93-98. En 1980 defendeu na Universidade de Oviedo a memoria de licenciatura *Arcaísmo y conservadurismo lingüístico en el Concejo de Castropol*. Tamén publicou no número 4 de *Lletres Asturianas* (1982) "Los posesivos en el concejo de Castropol: Funciones y valores".


Antón Santamarina Fernández, Catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago, Secretario del Instituto da Lingua Galega e membro da Real Academia Galega. Realizou a tese de doutoramento sobre a fala do Val do Suarna (A Fonsagrada), da que publicou el apartado relativo al verbo (anexo 4 de *Verba*, 1974) e el relativo al adverbio (*Verba* 2, 1975, 59-106). Estudou o galego asturiano falado en Negueira de Muñiz en "Testos e noticia da fala de Negueira (Lugo)", *Verba*, 2 (1975), 307-323). É codirector del *Atlas Lingüístico Galego* e coordinador del *Diccionario da Lingua Galega* (I.L.G./R.A.G., 1990); formou parte da comisión que elaborou as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (I.L.G /R.A.G., 1982)

6

... e confirmamos de castellan... e confirmamos de castellan... e confirmamos de castellan...

... e confirmamos de castellan... e confirmamos de castellan... e confirmamos de castellan...

Don p...
Don...
Don...
Don...
Don...
Don...
Don...
Don...
Don...




Don...
Don...
Don...
Don...
Don...
Don...
Don...
Don...
Don...

... e confirmamos de castellan... e confirmamos de castellan... e confirmamos de castellan...

Al

El rei Don Fernando II e el sou filló Don Alfonso confirman en 1138 el couto del Mosteiro de Vilanovoa de Ozcos. Versión en galego. Letra del século XIII. Pergamiño procedente de dito Mosteiro conservado no Archivo Histórico Nacional de Madrid.


TERRITORIO GALEGO-FALANTE



BLOQUE OCCIDENTAL	BLOQUE CENTRAL	BLOQUE ORIENTAL
canciós	canciós	canciois
man, ran	mao, ra	

CONCELLOS DE FALA GALEGA EN ASTURIAS

- | | | |
|---------------|----------------------|--------------------------|
| 1.- Tapia | 7.- Villallón | 13.- Vilanova de Ozcos |
| 2.- El Franco | 8.- Santiso de Abres | 14.- San Martín de Ozcos |
| 3.- Coaña | 9.- A Veiga | 15.- Pezós |
| 4.- Navia | 10.- Eilao | 16.- Santalla de Ozcos |
| 5.- Castropol | 11.- Allande | 17.- Grandas de Salime |
| 6.- Boal | 12.- Taramundi | 18.- Ibias |



GALEGO	AST. OCCIDENTAL	AST. CENTRAL	AST. ORIENTAL
porta, festa	puorta ~ puerta, fiesta		
canciois	canciones		
fabas	fabes	/ ḥabas	
primeiro, outro	primero, otru		
pequeno (-u) / pequena	pequeñu / pequeña (/ pequeño)		
tou, sou	tuyu / to, suyu / so		
chamou	chamou / llamou	llamó	

1.- EL ALFABETO

Componse na nosa lingua das seguintes letras:

Grafía	Nome	Pronuncia
a	a	[a]
b	be	[b]
c	ce	[θ] ou [k]
ch	che	[tʃ]
d	de	[d]
e	e	[e], [ɛ]
f	efe	[f]
g	gue	[g]
h	hache	[∅] (cero)
i	i	[i]
l	ele	[l]
ll	elle	[λ]
m	eme	[m]
n	ene	[n]
ñ	eñe	[ɲ]
o	o	[o], [ɔ]
p	pe	[p]
q	cu	[k]
r	erre	[r̄], [r]
s	ese	[s]
t	te	[t]
u	u	[u]
v	uve	[b]
x	xe	[ʃ], [ks]
z	zeta	[θ]

El xénero das letras é masculino.

Outros signos, como *j* (iota), *ç* (cedilla), *k* (ka), *w* (uve dobre) ou *y* (i grego), úsanse tamén, pero sempre aparecen en palabras tomadas doutros idiomas.

El dígrafo *nh* equivale a *ene* velar [ŋ]. Úsase pra escribir *unha, algunha, ningunha, enhalar* ("engalar"), etc.

Na Asturias de fala galega hai unha pequena zona que palataliza el *L- inicial* e el *-LL- intervocálico latinos*. Esta palatalización non se dá fóra desta zona que, máis ou menos, colle os concellos de Coaña, El Franco, Boal e unha pequena parte dos de Tapia, Eilao e Allande, así como as falas galegas de Navia e Villallón. Por esta razón atopamos *lleite, llonxe, estrela, caballo*; en vez das máis espalladas *leite, lonxe, estrela, cabalo*, etc.

El mesmo resultado palatal obsérvase nos grupos secundarios *-ll-* procedentes de *-r/-* en formas como *fello, comello, pollo ...* (galego común *facelo, comelo, polo*, etc.).

Dos grupos latinos *-LI-* (MULIEREM > muller, FOLIAM > folla, ALLIUM > *allo*), *-C'L-* (AURICULAM > *orella*, OVICULAM > *ovella*), e *-G'L-* (REGULAM > *rella*, TEGULAM > *tella*) el resultado foi [λ] (palatal lateral sonora). Hoxe en día, cada vez con máis frecuencia e con muita máis intensidade na xente nova, este son deslateralízase pasando a [y].

Algús escritores locais dan constancia gráfica deste fenómeno. Con todo, convén utilizarmos el dígrafo *ll* e non admitirmos el "yeísmo" na escrita. Escribiremos, polo tanto: *fillo, traballo, ollo, palla, mallar, mollar, muller, abella ...*

2.- EL ACENTO

Unhas regras de acentuación teñen que basearse nos tres principios seguintes:

- a/ Permitir dar a coñecer a sílaba tónica dunha palabra no cen por cen dos casos.
- b/ Esixir un gasto mínimo de tiles.
- c/ Que señan doadamente memorizables.

Pral acento gráfico del galego de Asturias utilizamos actualmente un único til (´). A presenza ou ausencia deste signo nunha palabra fai patente a súa sílaba tónica en conto se apliquen as regras que seguen:

2.1. Palabras agudas.

As palabras oxítonas acentúanse ortograficamente condo son polisílabas e rematan en vocal, en vocal + *n* e vocal + *s*: *mazá, puré, champú, algún, ningún, mazás, purés, champús, etc.*

Non se pon el acento ortográfico condo son monosílabos nin condo acaban en ditongo decrecente ou outra consoante que non seña *-n* ou *-s*. Deste xeito: *xa, fe, di, si, cu, Xan, can, len, din, don, fun, tres, ademais, amei, amou, seguiu, recibiu, canciois, refrais, capital, papel, cantar, nariz, arroz ...*

2.2. Palabras graves.

Levan acento ortográfico condo rematan en consoante distinta de *-n* ou *-s* ou nos grupos cultos *-ps* e *-x* [ks]. Deste xeito: *móbil, álbum, carácter, alférez, bíceps, Félix, clímax, ...* Polo tanto non se acentúan as palabras graves rematadas en vocal, vocal + *n*, vocal + *s* ou vocal + *ns*.

En contra destas últimas normas el acento gráfico tamén se usa condo as vocales *i, u* tónicas van inmediatamente antias ou despois doutra vocal átona, pra indicar que forman sílaba de por si e non ditongo. Así: *acentúo, aínda, baúl, caída, Coímbra, constituíu, egoísmo, miúdo, prexuízo, raíña, raíz, roía, ruído, súa, túa, xuízo, ...*

Polo tanto quérese dicir que se non levan acento gráfico as vocales *i, u* forman ditongo crecente ou decrecente coa que as segue ou precede: *Antonio, ciencia, Galicia, labia, leira, lingua, pais, triunfo, etc.*

2.3. Palabras esdrúxulas.

As esdrúxulas levan sempre acento gráfico: *bárbaro, lóndrigo, ríspido, tónico, túnica...*

2.4. Casos especiais de acentuación:

2.4.1. Utilízase el acento gráfico con función *diacrítica* pra distinguir dúas palabras que tein a mesma forma escrita pero que se diferencian porque a vocal tónica ten diferente timbre ou porque unha é tónica e outra átona (*dá / da, póla / pola*). En moitos casos non é necesario fer diferencias gráficas porque el significado das palabras resulta claro al estaren en contextos diferentes: *el colle* (o aberto), *colle tu* (o pechado), *el mete* (e aberto), *mete tu* (e pechado). Outras veces pode haber confusión e por eso fai falta poñerlle acento a unha das dúas formas homógrafas: neste caso pónselle sempre til á que ten vocal aberta e/ou á que é tónica.

Deste xeito:

á (a prep. + a artigo)

ás (a prep. + as artigo)

dá (pres. ind. de *dar*)

dás (pres. ind. de *dar*)

dél (*de* prep. + *él* pronome)

é (pres. ind. de *ser*)

él (pronome)

fóra (adverbio)

nós ("nosoutros")

máis (adverbio)

ó (a prepos. + o artigo)

ós (a prepos. + os artigo)

óso (del esqueleto)

pe (extremidade)

pra (*pra* prepos. + a artigo)

té (infusión)

ven (pres. ind. de *vir*)

vós ("vosoutros")

a (artigo, preposición)

as (artigo)

da (*de* prepos. + a artigo)

das (*de* prepos. + as artigo)

del (*de* prep. + el artigo)

e (conxunción)

el (artigo)

fora (plusc. de *ser, ir*)

nos (próno. átono, *en* + *os*)

mais (conxunción)

o (artigo)

os (artigo)

oso (animal)

pe (letra)

pra (preposición)

te (letra)

ven (pres. ind. *ver*, imp. *vir*)

vos (pronome átono)

As formas verbales que levan acento diacrítico manteíno condo van seguidas dun pronome átono ou da segunda forma del artigo: *é / élle; dáme / dálle; tu dállo á forza / dáslle / dállo.*

2.4.2. Condo os verbos levan pronomes enclíticos ou se dá a combinación verbo + alomorfo -lo del artigo, no tocante á acentuación gráfica compórtanse como se fosen unha sola palabra. Por eso escribimos: *cantará / cantara; cantaraa (cantarala) / cantáraa (cantárala); beberá / bebera; beberaa (beberala) / bebéraa (bebérala); tu págalo / pága-lo censo (tu) / paga-lo censo (infinitivo); métese; metéuseche; meteuse; metéusenos.*

2.4.3. Por se tratar de palabras graves rematadas en vocal é innecesario poñer el acento gráfico nos adverbios en -mente: *difícilmente, friamente, habilmente, rapidamente...*

Se hai varios adverbios en -mente coordinados solo se pon esta terminación no último e os anteriores mantein el seu acento: *cómodo, rápido e facilmente.*

2.4.4. Os demostrativos *este, ese, aquel*, etc. en función substantiva, el indefinido *un* e as formas *cual, condo, conto, como, onde, que* e *quen* usados como exclamativos ou interrogativos non se acentúan.

Tendo en conta que el uso de acento diacrítico é unicamente necesario pra diferenciar palabras en principio homógrafas, pero non homófonas, el seu uso pra diferenciar entre distintas funcións dunha mesma palabra supón a introducción dun novo criterio non xustificable. Por eso debe escribirse: *esta mesa, quero esta, mira esa, colle aquela, un can, un delos, ¿cual quere?, ¿quen cho deu?, ¡que desgracia!, dime cual queres, pregúntalle condo volve, pregúntalle onde está, non sei que anda fendo.*

Poden levar til as formas del interrogativo e exclamativo naqueles casos en que se produza anfiboloxía: *dille que quere / dille qué quere; ¡xa sabes que hai? / xa sabes qué hai; ¡xa sabes conto lle custou? / xa sabes cómo lle custou.*

3. EL GUIÓN

El guión úsase no galego de Asturias como no resto del galego pra partir unha palabra al final de liña, pra separar prefixos, pra separar os dous membros dunha palabra composta e pra amecer as formas *lo, la, los, las* del artigo al verbo ou pronome precedentes: *diccionario galego-inglés, sub-rogar, recupera-la salvación*.

Condo un guión que separa dúas palabras ou dous membros dunha mesma palabra coincide en final de liña hai que repetilo a comenzo da liña seguinte: *onte fun con él paga-lo censo*.

3.1. En palabras derivadas úsase el guión despois dos prefixos *ad, inter e super + r; sub, ab e ob + l, r*, condo se quere indicar que a súa consoante final non se pronuncia agrupada coa inicial da palabra base: *ab-rogar, sub-liminar, sub-reino, sub-rogar, super-rico, inter-relación*; en cambio: *abrupto, adrenalina, sublevar, sublime, interromper, etc.*

3.2. Nas palabras compostas condo os dous elementos conservan el sou propio acento colócase el guión entre ellos e a efectos de acentuación gráfica cada un conserva a súa independencia: *épico-lírico, político-económico...*

Condo os dous elementos funcionan como un todo unido non se xebran cun guión: *iberorrománico, fervellasverzas, picafolla, picatoros, vacaloura, etc.*

3.3. Úsase el guión pra separar a segunda forma del artigo dun verbo en caso de representar este alomorfo na escrita: *face-la cama, canta-la cántiga, molla-los pés,...*

Tamén se podía pensar na posibilidade de separar cun guión as formas pronominales enclíticas: *fe-lo, fai-se, fai-mo, fai-llo, etc.* Pero esto levaría a un uso constante del guión por ser el galego de Asturias (como el resto del galego) unha lingua con tendencia á énclice dos pronomes e daría lugar a grafías como *déu-che-nos-lo, dól-che-me-vos, etc.* Tendo en conta esta circunstancia, a súa pouca rendabilidade e que el sou uso levaría a grandes problemas de segmentación, parece máis práctico prescindir da súa utilización.

4. A DIÉRESE

Úsase coa letra *u* pra indicar que se pronuncia esta vocal nas sílabas *güe*, *güi* fronte a *gue*, *gui*: *bilingüe*, *lingüista*, *mingüedes*, *ungüento*, etc.

No galego común úsase tamén coa letra *i* na primeira e segunda persoas del plural del imperfecto de indicativo dos verbos rematados en *-aer* (*caer*, *decaer*, *traer*, *atraer*, *contraer*, *distraer*, *extraer*), *oer* (*roer*, *corroer*, *moer*, *doer*) e *-aír* (*saír*, *sobresaír*): *caíamos*, *caíades*, *traíamos*, *traíades*...

A razón de colocar esta diérese é que el *i* forma sílaba en por sí (*ca-i-a-mos*), aínda que é átono. Deste xeito distinguimos esta forma da del presente de subxuntivo en que el *i* forma ditongo: *caíamos*, *caíades* (*ca-ia-mos*, *ca-ia-des*). Tamén levan diérese os imperfectos dos verbos en *-uír*: *constituíamos*, *constituíades*.

No galego de Asturias é innecesaria a diérese nestas formas de imperfecto, porque el *i* é silábico e tónico (*caíamos*, *roíamos*).

5. DIVISIÓN SILÁBICA

5.1. No final dunha liña as palabras pártense de acordo cos seguintes principios: condo hai solo unha consoante intervocálica, esta é sempre comenzo silábico: *cla/ri/da/de*, *cle/ro*, *fei/xe*, *frei/xo*, *sou/to*, *sei/xo*, *sa/quei*.

Nótese que non se pode xerbrar *ll*, *ch* ou *rr* por constituíren a representación dun son único: *se/rra/lle/i/ro*, *ma/chal/da*, *co/rrrom/per*, *pre/rro/ga/ti/va*, etc. Tampouco se separa *nh* en *unha*, *al/gu/nha*, *nin/gu/nha*.

Con todo, a regra anterior non rexe cos prefixos, a menos que xa se perdera a conciencia delos: *bis/avolo*, *des/abrigar*, *super/abundante*, ...

5.2. Se temos unha secuencia de dúas consoantes intervocálicas, na maior parte dos casos a primeira forma sílaba coa vocal anterior. Neste caso, a separación silábica faise entre as dúas consoantes: *ac/to*, *pac/tar*, *ob/xec/to*, *sub/xec/ti/vo*, *xen/ro*, *des/viar*, etc.

Non se xerbran as consoantes que forman parte dun prefixo: *trans/oceánico*.

Condo temos *bl*, *br*, *pl*, *pr*, *cl*, *cr*, *gl*, *gr*, *dr*, *tl*, *tr*, *fl* e *fr* intervocálicos, forman unha unidade e non se poden separar no final da liña: *pro/blema*, *do/brado*, *su/plantar*, *pro/clamar*, *se/creto*, *cua/dro*, *cua/tro*.

5.3. Condo hai máis de dúas consoantes a separación silábica presenta dúas posibilidades: se el grupo remata en *l* ou *r*, a consoante que as precede forma sempre sílaba con elas: *in/glés*, *ex/tremo*, *in/clinación*, *trans/plantar*, etc. En todos os demais casos faise a separación antes da última consoante: *sols/ticio*, *cons/pirar*, *ins/titución*.

5.4. No caso de haber dúas vocales xuntas, non se poden xerbrar condo forman ditongo crecente ou decrecente: *fei/xe*, *sei/xo*, *sou/to*, *ru/bio*, *espe/cie*, *bilin/güe*, *lin/gua*, *Ma/nuel*, *delin/quiú*, *viú*.

Poden separarse condo forman hiato: *dí/as*, *gra/ú/do*, *re/a/lidade*, *mi/ú/do*, *xesu/í/ta*, *che/os*, *are/lal*.

5.5. Se hai tres ou máis vocales xuntas, en xeral faise a separación da primeira vocal: *ensa/iar*, *ensa/iei*, *ensa/iou*, *xo/ia*, *paliolo*, *clare/ou*, etc. Non hai separación ningunha nos casos de tritongo: *can/ciois*.

6. OS SIGNOS DE INTERROGACIÓN E DE ADMIRACIÓN

Os signos que marcan entoación interrogativa ou admirativa tein que poñerse no comenzo (*¿, ¡*) e no final (*?, !*) del texto afectado pola mesma: *¿Mirache ben?, ¿Por que non calas?, ¡Vaiche boa!*

7. EL APÓSTROFO

Actualmente non se utiliza el apóstrofo na escrita del galego, aínda que foi un signo mui usado no século pasado. As solucións adoptadas prás contraccións que se poden producir na lingua oral son dúas basicamente:

a/ Escribir a contracción sen sinalala con signo ningún: *dos, deste, daquela, dunhas, nela, nestas, nunhas*, etc. Dáse fundamentalmente cos artigos, demostrativos e pronomes persoales.

b/ Restituír as vocales: *de Ozcos, de Asturias, de Eo, pra Ortigueira*, etc.

8. ACOMODACIÓN DE PALABRAS.

Pra tratar de dar unhas normas orientadoras dentro deste punto, tan amplo e variado, é mester ter en conta que existen dende el punto de vista fonético tres tipos de voces: populares, cultas e semicultas.

As primeiras son as que entraron nos comenzos históricos da lingua e sufriron unha serie de transformaciois fonéticas que as fain hoxe case que irreconocibles se as comparamos coel étimo del que proceden (PLANUM > *chao*, CLAVEM > *chave*).

As palabras cultas mantein a súa forma orixinaria, solo cun mínimo de cambios pra adaptalas á estrutura del idioma que as recibe (PLANUM > *plano*, CLAVEM > *clave*, INCOGNITUM > *incógnito*).

As palabras semicultas experimentaron certas variaciois debidas á súa introducción antiga na fala, pero non tantas como as sufridas polas voces populares (CLAVUM > *cravo*, DOCTOREM > *doutor*).

A diferencia entre os tres tipos vese máis claramente se tomamos como exemplo un étimo que tivera derivaciois en cada un dos tres: PLENUM ten un derivado popular, *chen/cheo*; un semiculto, *prea(mar)* e un culto, *pleno*.

Á hora de dar unha normativa, as formas que presentan algún problema son as cultas e semicultas.

Nas primeiras, a configuración fonética depende da estrutura del idioma que as suministra e das adaptaciois feitas pola lingua receptora; nas segundas, a forma está ben definida e fixada pola historia. A separación entre unhas e outras é fundamental.

Neste apartado vanse tratar as adaptaciois dos grupos consonánticos en palabras cultas.

8.1. Grupos en que as dúas consoantes non forman parte da mesma sílaba, porque a primeira vai coa vocal precedente e a segunda coa vocal seguinte.

-ct-, -cc-:

Manteíñense as dúas consoantes sempre: *abstracto, actor, contacto, carácter, exacto, lactante, pacto, reactivo, afectar, conxectura, detectar, arquitecto, adxectivo, traxecto, proxecto, inspector, octano, octaedro; redacción, reacción, confección, inspección, dictar, vítima, conflicto, conducta, destructor, estructura, fluctuar, seductor, traductor, aflicción, diccionario, construcción, traducción, etc.*

A conservación del grupo é normativa prás voces cultas, pero hai algúns semicultismos que presentan vocalizado el primeiro elemento del grupo: *doutor, doutrina, doutoramento, suxeito...* e poucas máis.

Hai ademais unhas cuantas voces cultas mui popularizadas en que é admisible a forma coa vocalización da primeira consoante e a que mantén el grupo. Aínda que non sempre é doado de dilucidar, el cultismo popularizado ten un significado máis restrinxido que el cultismo ordinario: *pauto/pacto, doutrina/doctrina*.

-x- [ks]:

Mantense sempre como *x*: *claxon, exacto, exilio, elixir, exgobernador, extracto, expugnar, exame*; unicamente se presentará como *s* condo na mesma palabra apareza ademais dita letra coel sou valor tradicional: *esixir, esaxerar...*

-cn-:

Consérvase en tódolos casos: *técnica, acné, pínico*.

gn-, -gn-, -gm-:

Manteinse en tódolos casos: *gnose, gnosticismo, gnomo, fragmento, pragmática, magnesio, magnitude, magnífico, diagnóstico, incógnito, dogma, cognoscitivo, pronosticar, significado, estigma, ígneo, indigno, pigmento, pigmeo, resignar, ignorar, impugnar, expugnar, repugnar, etc.*

-pt-, -pc-, -ps-, -pn-:

A norma xeral é mantelos todos, polo menos en posición medial: *aptitude, adaptar, captar, cápsula, raptó, rapsodia, acepción, catalepsia, cataléptico, estreptomícina, interceptar, hepta-, recepción, adoptar, copto, optar, óptimo, cripta, eclipse, elipse, eucalipto, hipnose, corrupción, corrupto, erupción, interrupción, nupcias, nupcial, etc.*

Con todo, tamén é posible a simplificación del grupo en palabras mui frecuentes ou xa antigas no idioma: *setembro, suscripción, ditongo, inscripción, descripción, descritivo, proscrito, proscrición, transcripción, etc.* Hai ademais algúns semicultismos en que el primeiro elemento del grupo aparece vocalizado (*receita, receitar*) e outras formas cultas popularizadas en que é posible admitir un doblote, mesmo con matices semánticos diferenciadores (*preceuto/precepto*).

O *p* dos grupos *pn-*, *ps-*, *pt-* iniciais de palabra, en principio mantense; pero hai que sinalar que a tendencia da lingua e da escrita é a eliminar ese *p* : (*p*)*seudo-*, (*p*)*sico-*, (*p*)*tero-*, (*p*)*neuma-*.

-bt-, -bc-, -bd-, -bs-, -bx-, -bn-, -bl-, -bv-:

Manteinse sempre as dúas consoantes: *abdicar*, *abdominal*, *absoluto*, *absorber*, *abstención*, *abstinencia*, *abnegar*, *obcecar*, *obsequiar*, *obxecto*, *obstinado*, *observar*, *obstáculo*, *obtusos*, *obstruír*, *subconsciente*, *subdirector*, *sublingual*, *subsección*, *subsídio*, *substancia*, etc.

Sutil e a súa familia léxica (*sutileza*, *sutilidade*, *sutilmente*, *sutilizar*) perderon el *b* dende as orixes del idioma.

mn-, -mn-, -nm-, -nn-:

Manteinse sempre as dúas consoantes:

mneumonía, *mneumónico*, *mnemotecnia*, *omnipotente*, *amnesia*, *ximnospermas*, *inmigración*, *inmigrante*, *inmortal*, *enmendar*, *enmudecer*, *innovar*, *ennegrecer*, etc.

-ns- anticonsonántico:

Nas palabras cultas mantense sen reducir: *circunscrición*, *circunstancia*, *consciente*, *conspicuo*, *conspirar*, *constante*, *constipado*, *construír*, *inspección*, *instalar*, *instante*, *instituto*, *inspector*, *instruír*, *transcender*, *transformar*, *transmisor*, *transporte*, *transtorno*, etc.

Estas palabras popularmente (na lingua falada) tenden a perder el *n* como en *costante*, *istituto*, *costipado*, *trastorno*, etc. Con todo, mantense en todos os casos a grafía *-ns-*; se ben coel prefixo *trans-* hai frecuente alternancia coa forma *tras-*, debido a que na lingua están pouco distanciadas a forma popular *tras* (*Trasmonte*) e a culta *trans* (*transporte*).

Condo se une *trans-* a unha palabra que empeza por *s* hai simplificación das dúas consoantes: *transiberiano*, *transubstanciación*.

8.2. Grupos consonánticos formados por unha oclusiva e unha líquida que forman parte da mesma sílaba.

pl-, -pl-, bl-, -bl-, fl-, -fl-, cl-, -cl-, gl-, -gl-:

Mantense el *l* nas voces cultas: *pluma, plumaxe, clave, flan, pluviómetro, aclarar, clarificar, explicar.*

As palabras semicultas trocaron el *l* en *r*: *praza, praga, praia, prantar, prata, prato, pracer, prazo, preamar, empregar, pregar, branco, brando, brandir, brasón, obrigar, nobre, dobrar, fraque, frouxo, frauta, frecha, frete, frotta, cravo, crabuñar, escravo, regra, arregrar, igrexa... cos sous derivados.*

9.- SUFIXOS E TERMINACIÓIS

9.1. *-ancia, -cio, -cia*

Nas voces máis cultas el sufixo coincide en galego, castelán e portugués: *constancia, tolerancia, clemencia, referencia, malicia, pericia, beneficio, silencio, etc.*

Noutras palabras xa se apartan el castelán e el portugués. El galego ocupa unha situación intermedia; así dícese *cobiza, crenza, pazo, cansazo, etc.*; pero nas falas orientales, dentro das cuales se atopa a nosa, hai a tendencia a reponer el *-i-* : *cobicia, andancia, crencia, pacio, cansacio, etc.* Esta tendencia debe ser tardía porque afecta a outras palabras á parte das latinas acabadas en *-itia*: *lencia, ondia, etc.*

9.2. *-iente, -iencia*

As palabras cultas deste tipo proceden de voces que xa no latín tían el ditongo *ie*, polo que non é válido establecer a correspondencia castelán *ie* / galego *e* (*piedra/pedra, piel/pel*), porque a orixe é distinta da que deu lugar a esa correspondencia.

Polo tanto estos sufixos manteinse sen alteración: *audiencia, obediencia, ciencia, paciencia, deficiencia, proveniencia, coincidencia, suficiencia, frecuencia, experiencia, ambiente, obediente, conveniente, etc.*

Unicamente parece aceptable reducir el ditongo en *comenencia* (xunto a *conveniencia*), pero cun matiz semántico determinado que a diferencia da voz culta.

9.3. *-ción, -sión*

Aconséllase manter estos sufixos nas voces cultas: *acción, atención, bendición, canción, composición, edición, educación, emigración, lección, nación, vacación; admisión, confesión, confusión, división, evasión, excursión, lesión, televisión, etc.*

9.4. *-se*

É a solución adoptada en galego prás voces cultas procedentes de nomes gregos en *-sis*. Coidamos que debe xeneralizarse *-se*, e que el xénero gramatical destes substantivos debe ser el feminino: *análise, apoteose, arterioesclerose, crise, diátese, diérese, diócese, electrólise, elipse, hemotise, éxtase, hipnose, metástase, neurose, paréntese, prótese, psicose, simbiose, síntese, tese, tuberculose, etc.*

Non pertence a este grupo a palabra *oasis*.

9.5. -ite, -te

É a solución das voces procedentes de nomes gregos con sufixo *-itis* ou coa terminación *-tis*. Todas son femininas: *colite*, *meninxite*, *diabete*, etc.

9.6. -ble

A solución dada prás palabras cultas que tein el sufixo latino *-BILIS* é *-ble*: *amable*, *apetecible*, *bebible*, *preferible*, *terrible*, *variable*, etc.

10.- OUTROS GRUPOS E SUFIXOS

10.1. *cua-/ca-/co-* ; *gua-/ga-/go-*

Nos cultismos mantense sempre el grupo *cua-*, *gua-* : *cuadrilátero*, *guarismo*, etc.

Nas palabras patrimoniais en principio tamén se mantén (*cuatro*, *guardar*...) se ben hai tendencia á redución en o (*condo*, *conto*, *coresma*,...) e mesmo en a (*cando*).

10.2. Masc. *-án* / fem. *-ana*

A terminación latina *-ANE* deu como resultado a terminación *-án* pral masculino e *-ana* pral feminino. Así, *guardián/guardiana*, *charlatán/charlatana*, *catalán/catalana*, *musulmán/musulmana*, *sultán/sultana*.

10.3. Masc. *-ao* / fem. *-á*

Nas palabras populares, a terminación latina *-ANU* / *-ANA* presenta no galego central e oriental a solución *-ao* / *-á*: *irmao /irmá*; *sao/sa*; *grao/gra*; *lá*, *mao*, *mañá*, *mazá*. Neste grupo de palabras pódense aceptar en moitos casos as solucións do galego estándar que presentan *-án* no masculino: *castelán/castelá*, *ourensán/ourensá*, *aldeán/aldeá*, etc.

Nas palabras cultas incorporadas con posterioridade á época en que deixou de operar a lei da caída del *-n-* intervocálico, a terminación latina *-ANU*, *-ANA* foi adaptada sen alterar conforme á norma xeral de acomodación de cultismos. Estarían nesta situación formas como *colombiano/colombiana*, *australiano/australiana*, etc.

10.4. Masc. *-ón* / fem. *-oa*

As palabras rematadas en *-on* que admiten feminino fórmanlo popularmente en *-oa*: *ladrón/ladroa*, *león/leoa*, *patrón/patroa*, *comichón/comichoa*, etc. Na realización oral dalgunhas comarcas esta *-oa* pode aparecer trocado en *-úa*.

10.5. Masc. *-ín* / fem. *-ía* (singular); *-ius* / *-ías* (plural)

Os resultados populares da terminación latina *-INU* / *-INA* e *-INOS* / *-INAS* son *-ín* pral masculino e *-ía* pral feminino singular, e *-ius* (*-íos*) / *-ías* pral plural. Así, *Pepín/Pepía*, *pequenín/pequenía*, *vecín/vecía*, *paxarín/paxaría*; *camín*, *focín*, *toucín*, *foucín*, *andulía*, *casía* ...; *vecius/vecías*, *paxarius/paxarías*. Hai que ter en conta que no galego común os resultados son *-iño(s)* e *-iña(s)*.

Tardiamente introducíronse palabras cultas que mantein inalterado el sufijo orixinario: *ultramarino, xacobino, ladino, medicina, gasolina, penicilina, centramina...* e muitísimas máis.

10.6. Masc. *-én* / fem. *-ea* (singular); *-eos* / *-eas* (plural)

A terminación latina -ENU resólvese no galego de Asturias en *-en*, fronte al galego común *-eo*. Así, dícese *chen*, *centén*, *tarrén*. Os resultados da terminación feminina e dos plurales coinciden coel galego común: *chea, cheos, cheas*.

10.7. *-e*

Crime, vixe, Carne, etc. perderon el *-n* (feito que vén xa dende el galego antigo).

Conforme a este mesmo esquema, adóptanse tamén sen *-n* final os cultismos *abdome, exame, réxime, xerme...* Deben mesmamente escribirse sen *-n* as palabras *glute, lique, pole, seme*, pois non hai razón filolóxica ningunha pra separalas das anteriores. *Dolmen* é un celtismo.

10.8. *-ería*

É correcto: *armería, artillería, barbería, bruxería, carnicería, carpintería, cestería, enfermería, ferrería, infantería, lavandería, librería, moblería, panadería, papelería, perfumería, pescadería, pradería, relojería, zapatería*, etc. Existe igualmente el resultado tradicional *-aría*.

10.9. *-de*

Mantemos na lingua escrita esta terminación: *calamidade, virtude, parede, sede, rede, ataúde, laúde, talude, verdade, bondade, crueldade, novidade, enfermidade, cidade, piedade, propiedade, solidariedade*, etc.; aínda que na fala tenda a perderse nalgunhas palabras.

10.10. *-ado*

A terminación *-ado* na escrita consérvase sempre, aínda que na lingua falada tenda a perderse el *-d-* intervocálico en todo el galego oriental: *prado, cansado, gado, falado, banzado...*

10.11. Ditongos *oi* / *ui*

A secuencia latina -OCT- resólvese no galego de Asturias en *oi*: *noite, oito...*

As secuencias latinas -ORIU-, -URIU- tamén dan na nosa lingua *oi*: *vasoira, coiro, agoiro, lavadoiro.*

As secuencias latinas -UCT-, -ULT- dan como resultado no galego de Asturias *ui*: *truita, luita, luito, fruita, muito*; con todo, hai algunhas zonas que resolven en *u*: *muto, truta, mutio, trutia* e outras que lo fain en *oi*: *troita, loita, moito*, etc. Sempre debemos de ter en conta que no galego común estas secuencias latinas (-UCT-, -ULT-) escríbense sempre con *oi*: *troita, loita, moito,..*

10.12. Ditongos *ie*, *ue*

As secuencias latinas -IE- e -UE- en palabras cultas manteinse en galego como *ie* e *ue*, respectivamente: *aliciente, ambiente, ciencia, cliente, conciencia, conveniencia, conveniente, deficiencia, deficiente, eficiencia, eficiente, expediente, experiencia, inconveniente, obediencia, obediente, paciencia, etc.*; *afluencia, afluyente, anuencia, congruencia, congruente, delincuencia, delincuente, secuela, secuestro, etc.*

11. FORMACIÓN DEL PLURAL DE SUBSTANTIVOS E ADXECTIVOS

11.1. As palabras rematadas en vocal tónica ou átona, ou en ditongo forman el plural amecendo un -s: *mesa, mesas; irmá, irmás; cadela, cadelas, etc.*

Na lingua falada poden presentarse algunhas palabras con dobre marca de plural; é el caso de *reises* e *leises*.

11.2. As rematadas en -r, -z ou -s amecen el morfema -es sobre el singular: *mar, mares; cheiror, cheirores; uz, uces; compás, compases, etc.*

Hai que ter en conta que algunhas palabras rematadas en -s non varían: *mércores, venres, oasis, etc.*

11.3. As acabadas en -n amecen el morfema -is despois de perder el -n final: *can, cais; calzón, calzois; lambión, lambiois.*

Na lingua constátanse tres posibilidades de formación del plural pra estas voces: *cans, cas* e *cais*. A primeira delas ocupa el occidente da comunidade autónoma galega, a segunda el centro de dita comunidade e a terceira, que é a nosa, dáse na franxa máis oriental da comunidade galega e no galego de Asturias, no del Bierzo e no das Portelas de Zamora.

A normativa prá escrita na comunidade galega (adoptada polo Instituto da Lingua Galega e pola Real Academia da Lingua Galega) é a solución -ns. Polo tanto é funcional pra nós admitirmos el doblote -is / -ns pra termos un acceso doado al que se escribe en Galicia.

11.4. Os monosílabos rematados en -l amecen el morfema -es: *fel, feles; gol, goles; mal, males; mel, meles; mil, miles; pel, peles; sol, soles; tal, tales; ril, riles; etc.*

En Asturias ás agudas de máis dunha sílaba rematadas en -l engádeselles tamén el morfema -es. Nestas palabras tamén temos que admitir el doblote coa normativa xeral del galego que substitúe el -l final polo morfema -is. Teremos louno *animales / animais, caracoles / caracois, azules / azuis, etc.* A solución del galego común non é allea á fala de Ibias onde se escoita *animais, cuais, etc.* e onde tamén aparece nalgún topónimo como *Centeais, As Preais, Os Navais*.

As palabras graves rematadas en -l forman el plural amecendo el morfema -es: *útil, útiles; difícil, difíciles; túnel, túneles, etc.*

12. EL XÉNERO DE SUBSTANTIVOS E ADXECTIVOS

Polo xeral os nomes que rematan en -o son masculinos e os que acaban en -a son femininos: *fillo, filla, pequeno, pequena, ...*

Peró debemos ter en conta estas particularidades:

A/ Os nomes de árbores fruiteiras son, polo xeral, de xénero feminino, da mesma maneira que os nomes dos frutos; pero condo el nome da fruta é masculino tamén acostuma selo el nome da árbore: *a pereira - a pera, a ameixeira - a ameixa, a maceira - a mazá, a nogueira - a noz, el limoeiro - el limón, el pexegueiro - el péxego.*

Casos especiais son *a figueira - el figo, el castañoiro - a castaña.*

B/ Son masculinos: *el cal, el lume, el mar, el crume, el sangue, el costume, el fel, el sal, el couce, el mel, el leite, el dote, el labor, el cuspe.*

C/ Son femininos: *a ponte, a color, a calor, a dolor.*

D/ Hai algúns substantivos que mediante as variacións de xénero indican diferenzas de tamaño ou de forma: *el cesto - a cesta, el bolso - a bolsa, el caseto - a caseta, el pozo a poza.* Tamén hai diferenza de tamaño en forma invariable como *cullar* segundo se diga *el* ou *a cullar.*

E/ Os nomes das letras del alfabeto son masculinos: *el a, el be, el erre, ...*

F/ Os nomes rematados en -axe son todos femininos (*a fogaxe, a romaxe, a friaxe, etc.*), excepto *traxe, garaxe, personaxe.*

G/ Hai nomes de animais que solo dispoñen dunha forma única para macho e para femia, e esta pode ser masculina ou feminina: *el xilgueiro, el furón, a sapagueira, a bruita ...*

H/ Dos nomes en -a son masculinos: *dia, profeta, papa, guarda.* Algúns substantivos desta terminación son de xénero común: *el/la artista, el/la atleta.*

Tamén hai casos de femininos en -o. *a radio, a dinamo.*

13. FORMACIÓN DEL FEMININO

I/ Dos substantivos

Temos diversas posibilidades:

A/ Os nomes rematados en -o cambian esta vocal en a: *fillo/filla, neno/nena*, etc.

B/ Engaden -a pral feminino os nomes masculinos rematados en consoante ou vocal acentuada:

pintor/pintora, rapaz/rapaza, deus/deusa, etc.

Un caso especial é el constituído polas palabras acabadas en -n:

a/ As rematadas en -an (correspondentes ás que en castelán presentan -an) forman el feminino en -ana ou -á: *alemán/alemana*.

b/ As acabadas en -ao (e que corresponden ás que no galego común lo fain en -an) forman el feminino en -á: *irmao/irmá, chao/cha*.

c/ As rematadas en -ón fain el feminino en oa: *mullerón/mulleroa, león/leoa*.

C/ Os masculinos en -e fain el feminino en -esa ou en -isa e os que rematan en -a en -isa: *duque/duquesa, conde/condesa, sacerdote/sacerdotisa, abade/abadesa, alcalde/lalcaldesa, profeta/profetisa, poeta/poetisa*.

D/ Algús nomes forman el feminino de xeito especial: *can/cadela* (ou *cuza* ou *canza*), *galo/galía, barón/baronesa, rei/raíña*.

E/ Outra serie de nomes presentan formas independentes pral masculino e pral feminino: *home/muller, cabalo/egua, xenro/nora, boi/vaca, carneiro/ovella, castrón/cabra*.

II/ Dos adxectivos

El feminino fórmase de maneira case idéntica á del substantivo. Hai adxectivos que tein unha forma común praos dous xéneros e outros que presentan dúas.

A/ **Variables:** *santiagués/santiaguesa, falador/faladora, bon/boa, chao/cha*.

El adxectivo *malo* apocópase sempre que vai anteposto: *mal dente, mal fillo*. Tamén é normal a apócope de *santo* (*San Xosé, San Xoán*), pero hai algús nomes de santos que esixen a forma sen apocopar: *Santo Estevo, Santo Emiliao, Santo Tomás, Santo Tomé, Santo Toribio*. El adxectivo *grande* anteposto pode apocoparse ou non: *unha grande cantidade de péxegos, era un gran home*.

B/ **Invariables:** *fácil, mole, persa, mellor, peor, menor, maior, pobre, común, feroz, fiel*, etc.

III/ Respecto á formación del femenino, os casos especiales que poderían presentar algún problema foron xa tratados no apartado 10.

in die nocte ante. Quis fuit cuius fuit a fimo? esta carta vna como eu me uiceoz de guda
mona vna aua abbe de o de sancta oia de uilla noua doscos, do couento de se
misimo lura pna bade eu o de uo por aua en cada mona por ppo Jam
vna luy pugo conon a fabe. luy luy se H. ppo Jam, aua te pugo do
q pgo me outoysu por fe parada, se moys val doo por do, por mna al ma
dameus pica, de qre dia on de qre pira paba domos pda, seia meruda es
naouso, no do moysto. se alre demyna pte uida a sea q epi uego, q esta drago.
vaca aia amalligo de do, a mna, q iudis eno misse mu rasta por pens, a a
uoz del rey poyta se mo, dolre a omos pto a bades a carta ualla a qre se
fayta a carta en eyjo. Eya demill, C. C. vna. 22. q nate fayta q pado es
Capella, en saliga. qre qre qre fouedo. dicit poyta teate asty as. teate
moyas p ptena. foyto luy poyta q p. fillo de poy p3 de naua. poyta poyta do
poyto. mna poyta es. luy poyta es. poyta uuniz de poyta es. poyta
poyta poyta de gadamona es. poyta poyta

Documento del século XIII procedente del Mosteiro de Vilanova de Ozcos. Pergamiño conservado no Archivo Histórico Nacional de Madrid.

14. COMPARATIVOS E SUPERLATIVOS

Morfoloxicamente non hai vacilación agá nos adxectivos comparativos sintéticos de *bon*, *malo*, *grande* e *pequeno*, que son, respectivamente, *mellor*, *peor*, *maior* e *menor*.

Pral superlativo temos dúas posibilidades:

A/ El superlativo chamado relativo pode ter unha marca positiva ou negativa e fórmase antepoñendo *el máis* ou *el menos* e pospoñendo a preposición *de*: *é el máis grande de todos*, *son as máis grandes de todas*, *é el máis cativo dos nenos*; *é a menos guapa das rapazas*.

B/ El superlativo absoluto pódese formar de dúas maneiras:

a/ Coel adverbio *mui* (*moi*), ou outro equivalente: *eran mui altos*, *era ben boa*.

b/ Coel sufixo *-ísimo/-ísima*: *eran altísimos*, *Virxe santísima*.

Na fala xúntanse moitas veces el sufixo e el adverbio pra formar el superlativo: *era mui grandísimo*.

15. EL ARTIGO

Temos que ter en conta que na maior parte del galego de Asturias el masculino singular del artigo determinado non é idéntico al resto del galego común pois a forma máis característica é *el*.

15.1. Determinado

Presenta na nosa lingua as formas seguintes:

Masculino		
	Forma libre	Forma soldada
Singular	<i>el, o</i>	<i>lo</i>
Plural	<i>os</i>	<i>los</i>

Feminino		
	Forma libre	Forma soldada
Singular	<i>a</i>	<i>la</i>
Plural	<i>as</i>	<i>las</i>

Neutro	
Singular	<i>el, lo</i>

A primitiva forma del artigo foi *lo*. Deste xeito, en posición postvocálica resultou a forma reducida *l* (*era'l meu*), de onde resulta a forma reforzada *el* (*el noso, el monte*). En posición postconsonántica a forma *-lo* mantévese e asimilou regresivamente el *-s* e el *-r* precedentes: *pagar lo censo* > *paga-lo censo*, *trouxemos lo neno* > *trouxémo-lo neno*, *por lo* > *polo*, *todos los* > *tódolos*. Despois da preposición *en* a asimilación foi progresiva: *en lo* > *enno* > *no* : *en lo monte* > *enno monte* > *no monte*. En casos como *el Rei* e *el Señor* el artigo pode derivar del primeiro elemento del demostrativo latino ILLE.

Debemos fer notar que na maior parte del dominio lingüístico del galego a forma masculina singular é *o*, que tamén se rexistra en falas de Asturias mui próximas á Galicia administrativa.

As preposicións *a*, *con*, *de*, *en*, *por* e *pra* coel artigo determinado dan os seguintes resultados:

	EL, O	A	OS	AS
A	<i>al, o</i>	<i>á</i>	<i>aos, ós</i>	<i>ás</i>
CON	<i>coel, co</i>	<i>coa</i>	<i>cos</i>	<i>coas</i>
DE	<i>del, do</i>	<i>da</i>	<i>dos</i>	<i>das</i>
EN	<i>no</i>	<i>na</i>	<i>nos</i>	<i>nas</i>
POR	<i>polo</i>	<i>pola</i>	<i>polos</i>	<i>polas</i>
PRA	<i>pral, pró</i>	<i>prá</i>	<i>praos, prós</i>	<i>prás</i>

Na terra onde se dá a palatalización del *-LL-* *intervocalico* (vexase apartado 1.) el resultado *por + artigo* é *pollo, polla, pollos, pollas*.

El encontro da preposición *con* e el artigo *a* resólvese na fala en *coa* e *ca*. Aconsellamos como normativa *coa* e non *ca* porque estando as dúas formas máis ou menos vivas na fala de hoxe, alternando nun mesmo lugar e aínda nun mesmo falante, a forma tal e arcaica é *coa*.

Estando viva na Nosa Terra a forma da preposición *pra* (*para*) temos *por forza que normalizar el sou encontro cos artigos como xa vimos máis enriba: pral, pró, prá, praos, prós, prás*. Non debemos esquecer que na escrita del galego común esta preposición é *para*.

15.2. Indeterminado

	Masculino	Feminino
Singular	<i>un</i>	<i>unha, úa</i>
Plural	<i>us, uns</i>	<i>unhas, úas</i>

As preposiciois *con*, *de* e *en* dan coel artigo indeterminado os seguintes resultados:

	UN	UNHA, ÚA	US, UNS	UNHAS, ÚAS
CON	<i>cun</i>	<i>cunha, cúa</i>	<i>cus, cuns</i>	<i>cunhas, cúas</i>
DE	<i>dun</i>	<i>dunha, dúa</i>	<i>dus, duns</i>	<i>dunhas, dúas</i>
EN	<i>nun</i>	<i>nunha, núa</i>	<i>nus, nuns</i>	<i>nunhas, núas</i>

Recomendamos escribir sempre *unha*, coas correspondentes contracciois, por presentar unha ortografía válida prás dúas variantes orales vivas en Asturias.

16. PRONOMES PERSOALES (PERSOAIS)

El paradigma dos persoales establécese como segue:

16.1. Serie tónica

NUMERO	PERSOA E XENERO		SUXEITO	FORMAS OBLICUAS	
				LIBRES	LIGADAS
S I G U L A R	1ª		<i>eu</i>	<i>min</i>	<i>comigo</i>
	2ª		<i>tu</i>	<i>ti</i>	<i>contigo</i>
		F. cortés	<i>vostede</i>		
	3ª		<i>él</i> <i>ela</i>		
P L U R A L	1ª		<i>nosoutros, nós</i> <i>nosoutras</i>		
	2ª		<i>vosoutros, vós</i> <i>vosoutras</i>		
		F. cortés	<i>vostedes</i>		
	3ª		<i>elos, eles</i> <i>elas</i>		

A terceira persoa ten ademais as formas reflexivas específicas: *si*, *consigo*.

No galego de Asturias (como nunha gran parte das provincias de Lugo e de Ourense e no galego del Bierzo e das Portelas de Zamora) a forma de suxeito prá segunda persoa de singular é *tu*. En galego común utilízase *ti* como suxeito, que é a forma del bloque occidental.

As formas de cortesía son *vostede* e *vostedes* (e non **vosté* nin **usté*), con verbo en terceira persoa de singular ou plural respectivamente.

Na primeira e segunda persoas de plural utilízanse como formas marcadas, polo tanto válidas en tódolos contextos, *nós* e *vós*. As formas características de todo el galego de Asturias (vivas tamén en moitas comarcas de Galicia) son *nosoutros* e *vosoutros*; *nós* e *vós* úsanse normalmente como formas tónicas precedidas de preposición.

No plural da terceira persoa é propia de Asturias a forma arcaica *elos*, fronte al galego común *eles*.

As preposicións *de* e *en* contraen coel pronome persoal de terceira persoa como segue:

	ÉL	ELA	ELOS, ELES	ELAS
DE	<i>dél</i>	<i>dela</i>	<i>delos, deles</i>	<i>delas</i>
EN	<i>nel</i>	<i>nela</i>	<i>nelos, neles</i>	<i>nelas</i>

Recomendamos non utilizar na escrita as contraccións que se poden producir na fala con outras preposicións. Escribiremos *a él*, *ante ela*, *con elos*, *con ela*, etc.

Sen embargo é correcto utilizar na escrita a contracción *coel* condo *el* é artigo.

16.2 Serie átona

NÚMERO	PERSOA E XÉNERO		NON REFLEXIVO		REFLEXIVO	
			DATIVO	ACUSATIVO		
S I G U L A R	1ª		<i>me</i>			
	2ª		<i>che</i>	<i>te</i>		
	3ª	masculino	<i>lle</i>	<i>lo, o</i>	<i>se</i>	
		feminino		<i>la, a</i>		
P L U R A L	1ª		<i>nos</i>			
	2ª		<i>vos</i>			
	3ª	masculino	<i>lles</i>	<i>los, os</i>	<i>se</i>	
		feminino		<i>las, as</i>		

A forma xeral prá terceira persoa da serie átona dos pronomes é *lo, la, los, las* en case tódolos concellos e en case tódolos contextos: *non lo quero, quero que la vexas, traelos, cantábalas*.

Nas falas máis próximas á comunidade autonómica galega aparecen as formas do galego común, e válidas tamén pral galego de Asturias: *non o quero, quero que a vexas, tráeos, cantábaas*.

A concorrencia dos pronomes en dativo coel acusativo de terceira persoa resolveuse como segue:

	O/LO	A/LA	OS/LOS	AS/LAS
ME	<i>mo</i>	<i>ma</i>	<i>mos</i>	<i>mas</i>
CHE	<i>cho</i>	<i>cha</i>	<i>chos</i>	<i>chas</i>
LLE	<i>llo</i>	<i>lla</i>	<i>llos</i>	<i>llas</i>
NOS	<i>nolo</i>	<i>nola</i>	<i>nolos</i>	<i>nolas</i>
VOS	<i>volo</i>	<i>vola</i>	<i>volos</i>	<i>volas</i>
LLES	<i>llelo</i>	<i>llela</i>	<i>llelos</i>	<i>llelas</i>

17. POSESIVOS

El paradigma dos adxectivos e pronomes posesivos presenta na nosa lingua unha serie única:

PERSOA		SINGULAR		PLURAL	
		MASC	FEM.	MASC.	FEM.
S I N G U L A R	1ª	<i>meu</i>	<i>mía, miña</i>	<i>meus,</i>	<i>mías, miñas</i>
	2ª	<i>tou, teu</i>	<i>túa</i>	<i>tous, teus</i>	<i>túas</i>
	3ª	<i>sou, seu</i>	<i>súa</i>	<i>sous, seus</i>	<i>súas</i>
P L U R A L	1ª	<i>noso</i>	<i>nosa</i>	<i>nosos</i>	<i>nosas</i>
	2ª	<i>voso</i>	<i>vosa</i>	<i>vosos</i>	<i>vosas</i>
	3ª	<i>sou, seu</i>	<i>súa</i>	<i>sous, seus</i>	<i>súas</i>

As formas etimolóxicas *tou, tous, sou, sous*, tan características da Nosa Terra, tamen se conservan en falas da Galicia administrativa, aínda que raramente señan utilizadas na lingua literaria.

El posesivo esixe el uso del artigo agá condo vai con nomes de parentesco ou en vocativo: *el meu coche, a túa casa*.

As formas del masculino singular, tanto referidos a unha persoa (*meu, tou, sou*) como a varias (*noso, voso, sou*) pódense usar (e de feito hai zonas nas que se usan muito) precedidos de *de*, sen variación de xénero e número, pra significar propiedade en exclusiva ou calidade que se posúe por natureza: *temos tres prados de noso, os nenos de voso, ...*

18. DEMOSTRATIVOS

18.1. El paradigma dos adxectivos e pronomes demostrativos establécese como segue:

PROX.	NÚM.	MASCULINO	FEMININO	NEUTRO
I	S	<i>este</i>	<i>esta</i>	<i>esto</i>
	P	<i>estos, estes</i>	<i>estas</i>	
II	S	<i>ese</i>	<i>esa</i>	<i>eso</i>
	P	<i>esos, eses</i>	<i>esas</i>	
III	S	<i>aquel</i>	<i>aquela</i>	<i>aquelo</i>
	P	<i>aquelos, aqueles</i>	<i>aquelas</i>	

Características del galego de Asturias son as formas etimolóxicas *estos, esos, aqueles* fronte ás innovadoras *estes, eses, aqueles* del galego común.

18.2. As formas del demostrativo combínanse coel indefinido *outro*, dando lugar en cada caso á formación dunha palabra nova, xa que solo el segundo elemento admite morfemas de xénero e número:

PROX.	NÚM.	MASCULINO	FEMININO
I	S	<i>estoutro</i>	<i>estoutra</i>
	P	<i>estoutros</i>	<i>estoutras</i>
II	S	<i>esoutro</i>	<i>esoutra</i>
	P	<i>esoutros</i>	<i>esoutras</i>
III	S	<i>aqueloutro</i>	<i>aqueloutra</i>
	P	<i>aqueloutros</i>	<i>aqueloutras</i>

18.3. Mesmamente que coel pronome persoal, el demostrativo contrae coas preposiciois *de* e *en*: *deste, neste, destoutro, nesoutra, daquelo, naquela, daqueloutros*, etc.

19. RELATIVOS, INTERROGATIVOS E EXCLAMATIVOS.

Pral relativo e interrogativo ou exclamativo temos cuatro formas:

- dúas que non tein variación de xénero nin de número: *que* e *quen*;
- outra que admite morfema de plural: *cual*, *cuales* (é tamén válido *cal* e *cales*, conforme dicen nos concellos da ribeira del Eo e no galego común);
- e outra que admite morfemas de xénero e número: *conto*, *conta*, *contos*, *contas* (tamén *canto*, *canta*, *cantos*, *cantas*).

Hoxe na nosa fala, nin no resto del galego, non existe unha forma de relativo equivalente á castelá *cuyo* e á portuguesa *cujo*. A lingua medieval tía a forma *cujo*, que de existir actualmente sería *cuxo* e non **cuio*, castelanismo graficamente disfrazado. A perda deste relativo é paralela á producida noutras linguas románicas e á que se deu dentro del propio galego con outros pronomes (*en*, *i*). El seu significado pasou a expresarse por medio de recursos de carácter posesivo xa existentes no idioma.

20. INDEFINIDOS E IDENTIFICADORES

Hai unha serie de formas invariables e outra de formas variables.

20.1. Formas invariables

Está composta polos seguintes membros: *daquén, alguén, ninguén, algo, daqué, nada, cada, calquera, calquera, cadaquén, quenquera, menos, máis e demais.*

20.2. Formas variables

Son as seguintes:

un, úa, unha, us, uns, úas, unhas

algún, algúa, algunha, algús, algúns, algúas, algunhas, delos, delas

ningún, ningúa, ningunha, ningús, ningúns, ningúas, ningunhas

todo, toda, todos, todas

outro, outra, outros, outras

certo, certa, certos, certas

muito, muita, muitos, muitas

moito, moita, moitos, moitas

pouco, pouca, poucos, poucas

varios, varias

ambos, ambas

entrambos, entrambas

mesmo, mesma, mesmos, mesmas

propio, propia, propios, propias

tal, tales

tanto, tanta, tantos, tantas

abondo, abonda, abondos, abondas

bastante, bastantes

demasiado, demasiada, demasiados, demasiadas.

Os indefinidos *algún* e *outro*, cos seus femininos e plurales, contraen coas preposicións *en* e *de*: *nalgún, nalgunha, nalgúa...; dalgún, dalgunha, dalgúa...; noutro, noutra...; doutro, doutra...*

21. NUMERALES (NUMERAIS)

21.1 Cardinales (cardinais)

<i>un, úa, unha</i>	<i>vintedous</i>
<i>dous, dúas</i>	<i>vintedúas</i>
<i>tres</i>	<i>trinta</i>
<i>cuatro, catro</i>	<i>cuarenta, corenta</i>
<i>cinco,</i>	<i>cincuenta</i>
<i>seis</i>	<i>sesenta</i>
<i>sete</i>	<i>setenta</i>
<i>oito</i>	<i>oitenta</i>
<i>nove</i>	<i>noventa</i>
<i>dez</i>	<i>cen</i>
<i>once</i>	<i>douscentos, duascentas</i>
<i>doce</i>	<i>trescentos, trescentas</i>
<i>trece</i>	<i>cuatrocentos, cuatrocentas</i>
<i>catorce</i>	<i>catrocentos, catrocentas,</i>
<i>quince</i>	<i>cincocentos, cincocentas</i>
<i>dezaseis</i>	<i>seiscentos, seiscentas</i>
<i>dezasete</i>	<i>setecentos, setecentas</i>
<i>dezaoito</i>	<i>oitocentos, oitocentas</i>
<i>dezanove</i>	<i>novacentos, novecentas</i>
<i>vinte</i>	<i>mil</i>
<i>vinteún,</i>	<i>millón</i>
<i>vinteúa, vinteunha</i>	

Entre as variantes *dezaseis* e *dazaseis*, *dezasete* e *dazasete*, etc., as dúas con muita presenza na fala, escolleuse as primeiras por manteren claramente a vinculación con *dez*. Con respecto al *a* da segunda sílaba, é mester dicir que non se trata, como puidera pensarse, dunha alteración fonética del *e* copulativo senón dun resto da conxunción latina AC.

As formas *sasenta* e *satenta*, de ampla representación na lingua falada, aparecen xa documentadas na época medieval. A escolla como normativas das variantes *sesenta* e *setenta*, máis próximas das etimolóxicas, débese a que se vinculan claramente a *seis* e *sete*.

21.2. Ordinales (ordinais)

primeiro

segundo

terceiro

cuarto

quinto

sexto

sétimo

oitavo

noveno

décimo

décimo primeiro, undécimo

décimo segundo, duodécimo

décimo terceiro

décimo cuarto

décimo quinto

décimo sexto

décimo sétimo

décimo oitavo

décimo noveno

vixésimo

vixésimo primeiro

trixésimo

cuadraxésimo

quincuaxésimo

sesaxésimo

septuaxésimo

octoxésimo

nonaxésimo

centésimo

milésimo

millonésimo

Todos eles admiten morfemas de xénero e número, que nas formas compostas solo se unen al último elemento (*décimo primeira*).

21.3. Multiplicativos

dobre, coa variante duplo, dupla
triple; triplo, tripla
cuádruple; cuádruplo, cuádrupla
quíntuplo, quintupla
séxtuplo, séxtupla
décuplo, décupla

Os outros multiplicativos fórmanse mediante el cardinal correspondente seguido da palabra veces.

21.4. Partitivos

medio, media; metade
tercio, tercia
cuarto, cuarta
quinto, quinta
sexto, sexta
sétimo, sétima
oitavo, oitava
noveno, novena
décimo, décima
onceavo, onceava
doceavo, doceava
etc.

A palabra *medio*, cualquera que seña a función que desempeñe (*substantivo, adxectivo ou adverbio*) non ten en galego moderno ningunha variante concorrente. Nos documentos antigos á parte de *meogo* ou *meiogo* "lugar medio ou central dun espacio" (*eno meogo da igrexa*) rexístranse as formas populares *meo* e *meio*, que tían principalmente valor numeral.

Tamén se rexistra, xa desde mediados del século XIII, el cultismo *médeo*, *medio*, perfectamente intercambiable con *meo*, *meio*.

A forma culta acabou triunfando de maneira definitiva, polo cual debe ser consagrada como normativa. Consecuentemente, tamén os antigos *meao*, *mear*, *meados*, etc. foron substituídos por *mediano*, *mediar*, *mediados*, etc., que nunca tiveron forma popular previa.

22. EL VERBO

22.1. Paradigmas regulares

I Conjugación
ANDAR

II Conjugación
COLLER

III Conjugación
PARTIR

INDICATIVO

PRESENTE

ando	collo	parto
andas	colles	partes
anda	colle	parte
andamos	collemos	partimos
andades	colledes	partides
andan	collen	parten

PRETÉRITO IMPERFECTO

andaba	collía	partía
andabas	collías	partías
andaba	collía	partía
andábamos	collíamos	partíamos
andábades	collíades	partíades
andaban	collían	partían

PRETÉRITO PERFECTO

andei	collín	partín
andache	colliche	partiche
andou	colleu	partiu
andamos	collemos	partimos
andastes	collestes	partistes
andaron	colleron	partiron

PRETÉRITO PLUSCUAMPERFECTO

andara	collera	partira
andaras	colleras	partiras
andara	collera	partira
andáramos	colléramos	partíramos
andárades	collérades	partírades
andaran	colleran	partiran

FUTURO

andarei	collerei	partirei
andarás	collerás	partirás
andaré	colleré	partiré
andaremos	colleremos	partiremos
andaredes	colleredes	partiredes
andarán	collerán	partirán

FUTURO DEL PRETÉRITO

andaría	collería	partiría
andarías	collerías	partirías
andaría	collería	partiría
andaríamos	colleríamos	partiríamos
andaríades	colleríades	partiríades
andarían	collerían	partirían

SUBXUNTIVO

PRESENTE

ande	colla	parta
andes	collas	partas
ande	colla	parta
andemos	collamos	partamos
andedes	collades	partades
anden	collan	partan

IMPERFECTO

andase	collese	partise
andases	colleses	partises
andase	collese	partise
andásemos	collésemos	partísemos
andásedes	collésedes	partísedes
andasen	collesen	partisen

FUTURO

andar	coller	partir
andares	colleres	partires
andar	coller	partir
andarmos	collermos	partirmos
andardes	collerdes	partirdes
andaren	colleren	partiren

IMPERATIVO

anda	colle	parte
andade	collede	partide

FORMAS NOMINALES (NOMINAIS)

INFINITIVO CONXUGADO

andar	coller	partir
andares	colleres	partires
andar	coller	partir
andarmos	collermos	partirmos
andardes	collerdes	partirdes
andaren	colleren	partiren

XERUNDIO

andando

collendo

partindo

PARTICPIO

andado

collido

partido

No galego común as formas *andabamos, -ades, andariamos, -ades, andamos, -ades, andasemos, -edes* son graves, coa acentuación no sufixo modal temporal. En Asturias, al igual que noutras áreas del galego, el acento desprazouse á vocal temática nesas persoas del plural.

Futuro de subxuntivo. É un tempo desaparecido da fala viva. Hoxe mantense fosilizado en refrais e fórmulas. Esporadicamente pode ser usado en determinado tipo de rexistros lingüísticos; esa é a razón que nos obriga a incluílo no paradigma dos tempos. É mester non esquecer que al se tratar dun tempo que carece de soporte na fala viva, el sou valor dentro del sistema dos tempos ten que ser aprendido na gramática; doutra maneira, pódese utilizar de forma ultracorrecata.

22.1.2. Aínda que é mui común a terminación *-ais, eis* no canto de *-ades, edes*, por coherencia cos imperativos (*ade, -ede, -ide*) e coas acabadas en *-ides* dos verbos da terceira, propoínse como normativamente válidas as formas arcaicas en *-de, -des*.

22.1.3. A primeira e segunda persoa de plural do infinitivo conxugado poden tamén ser: *andáremos, andáredes; colléremos, colléredes; partíremos, partíredes*.

22.2.- Particularidades dalgús verbos regulares;

22.2.1.- Os verbos que tein *u* como vocal final del lexema no infinitivo (*discutir, fuxir, muxir, ruxir...*) poden presentar dúas posibilidades de conxugación:

a/ Hai verbos en *-u..ir* (*discutir...*) que son completamente regulares e seguen el modelo de *partir* (a maioría delos de procedencia culta): *excluír, incluír, curtir, deducir, rustir, zurzir* e multos máis.

b/ Hai outro grupo de verbos en *-u..ir* (del tipo *fuxir*), menos numeroso, que presenta unha alternancia tradicional *u/o[ǔ]*: no presente de indicativo.

subo	subimos
sobes[ǔ]	subides
sob[ǔ]	soben[ǔ]

Conxúganse como *subir* os verbos seguintes: *bulir, rebulir, cubrir e derivados, cumprir, cuspir, durmir, fundir, fuxir, lucir e derivados, mulir, muxir, pulir, pruír, ruxir, subir, sufrir, sumir, tusir, urdir, xunguir, xurdir*.

22.2.2.- Os verbos que tein e como vocal final no lexema (*servir, advertir, etc.*) poden presentar dous tipos de alternancia:

a/ Hai un grupo que troca el e en *i* nas formas rizotónicas del presente de indicativo e de imperativo e, ademais, en todo el presente de subxuntivo:

PRES. IND.	PRES. SUBX.	IMPERATIVO
advirto	advirta	advirte
advirtes	advirtas	
advirte	advirta	
advertimos	advirtamos	advertide
advertides	advirtades	
advirten	advirtan	

Conxúganse deste xeito: *adherir, advertir, divertir; agredir, transgredir; conferir, diferir, inferir, preferir, referir, transferir; competir, repetir; concernir, discernir; espir; dixerir, inxerir, suxerir; medir; pedir e derivados; vestir, investir, revestir*.

b/ Outro grupo presenta alternancia *i/e[é]* no presente de indicativo nas formas rizotónicas:

sirvo	servimos
serve[é]	servides
serve[é]	serven[é]

Conxúganse como *servir* os verbos seguintes: *ferir, mentir, seguir* e os seus compostos.

Dos verbos *mentir* e *sentir* son tamén admisibles as formas *mintes, minte, minten; sintes, sinte, sinten*.

22.2.3.- Os verbos en *-ecer*, *-ucir* son regulares

OBEDECER

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
obedezo obedeces obedece obedecemos obedecedes obedecen	obedecía obedecías obedecía obedecíamos obedecíades obedecían	obedecín obedeciche obedeceu obedecemos obedecestes obedeceron
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
obedecera obedeceras obedecera obedecéramos obedecérades obedeceran	obedecerei obedecerás obedecerá obedeceremos obedeceredes obedecerán	obedecería obedecerías obedecería obedeceríamos obedeceríades obedecerían
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
obedeza obedezas obedeza obedezamos obedezades obedezan	obedecese obedeceses obedecese obedecésemos obedecésedes obedecesen	obedecer obedeceres obedecer obedeceremos obedecerdes obedeceren
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO obedecer XERUNDIO obedecendo PARTICIPIO obedecido
obedece obedecede	obedecer obedeceres obedecer obedeceremos obedecerdes obedeceren	

TRADUCIR

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
traduzo traduces traduce traducimos traducides traducen	traducia traducias traducia traduciamos traduciades traducian	traducin traduciche traduciu traducimos traducistes traduciron
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
traducira traduciras traducira traduciramos traducirades traduciran	traducirei traducirás traducirá traduciremos traduciredes traducirán	traduciría traducirías traduciría traduciríamos traduciriades traducirían
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
traduza traduzas traduza traduzamos traduzades traduzan	traducise traducises traducise traducisemos traducisedes traducisen	traducir traducires traducir traducirmos traducirdes traduciren
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO traducir XERUNDIO traducindo PARTICPIO traducido
traduce traducide	traducir traducires traducir traducirmos traducirdes traduciren	

Formas como **obedezco*, **obedezca*, **traduxen*, **conduxen*, **reduxen*, **produxer* deben evitarse por ser interferencias del español no galego.

22.2.4. Os verbos en *-uir*, son regulares

INCLUÍR

PRES. IND.	PRES. SUBX.	IMPERATIVO
inclúo inclúes inclúe incluímos incluídes inclúen	inclúa inclúas inclúa incluamos incluades inclúan	inclúe incluíde

Hai que evitar formas como **incluío*, **inclúes*, **inclúia*, etc. pois son formas del español con grafía galega.

22.2.5. Productividade da segunda e terceira conxugacións.

Manteíñense como verbos da segunda *encher*, *erguer*, *fender*, *ferver*, *toller*, *xemer*, *bater*, *correr*, *romper*, *verquer* e tódolos seus derivados.

Pasaron á terceira *escribir*, *dicir* e derivados, *elixir*, *recibir* e *aducir*.

22.2.5. Os substantivos verbales en *-mento* conservan a vocal temática del infinitivo:

1ª conxugación:	<i>casar</i>	→	<i>casamento</i>
	<i>pagar</i>	→	<i>pagamento</i>
2ª conxugación:	<i>render</i>	→	<i>rendemento</i>
	<i>mover</i>	→	<i>movemento</i>
3ª conxugación:	<i>rexurdir</i>	→	<i>rexurdimento</i>
	<i>cumprir</i>	→	<i>cumprimento</i>

22.3. Paradigmas irregulares

22.3.1. CABER

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
caibo cabes cabe cabemos cabedes caben	cabía cabías cabía cabíamos cabiades cabían	couben coubiche coubo coubemos coubestes couberon
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
coubera couberas coubera coubéramos coubérades couberan	caberei caberas cabera cabaremos caberedes cabarán	cabería caberías cabería caberíamos caberíades caberían
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
caiba caibas caiba caibamos caibades caiban	coubese coubeses coubese coubésemos coubésedes coubesen	couber couberes couber coubermos couberdes couberen
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO XERUNDIO PARTICIPIO
cabe cabede	caber caberes caber cabermos cabervedes caberen	caber cabendo cabido

Na segunda persoa del perfecto de indicativo el galego de Asturias conserva a vocal temática *i* (*coubiche, diche, dixiche, fixiche, houbiche, viche, etc.*), mentres que no resto del territorio lingüístico galego a vocal temática é un *e* aberto (*coubeches, deches, dixeches, fixeches, houbeches, viñeches, etc.*). Nalgús verbos irregulares nesta persoa el radical pode ser el del tema de presente, como se aprecia en formas como *cabiche, diciche, faciche* ou *faiche, sabiche, etc.*

Nas persoas de plural del pretérito perfecto das tres conjugacións, e nos outros tempos del tema de perfecto, a vocal temática é sempre un *e* aberto, coma nas demais falas galegas: *coubemos, dixemos; coubera, dixera; coubese, dixese...* Nos verbos regulares en *-er*, a vocal temática *e* é aberta no galego de Asturias (*collemos, collestes, colleron, collera...*), mentres que no galego non asturiano ten timbre pechado.

22.3.2. CAER

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
caio caes cae caemos caedes caen	caía caías caia caíamos caíades caían	caín caiche caeu caemos caestes caeron
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
caera caeras caera caéramos caérades caeran	caerei caerás caerá caeremos caeredes caerán	caeria caerías caería caeríamos caeríades caerían
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
caia caias caia caíamos caíades caían	caese caeses caese caésemos caésedes caesen	caer caeres caer caermos caerdes caeren
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO caer XERUNDIO caendo PARTICIPIO caido
cae caede	caer caeres caer caermos caerdes caeren	

22.3.3. DAR

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
dou dás dá damos dades dan	daba dabas daba dábamos dábades daban	din, dei diche deu demos destes deron
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
dera deras dera déramos dérades deran	darei daras dará daremos daredes darán	daría darías daría daríamos dariades darian
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
día días día diamos diades dian	dese deses dese désemos désedes desen	der deres der dermos derdes deren
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO dar XERUNDIO dando PARTICIPIO dado
dá dade	dar dares dar darmos dardes daren	

El presente de subxuntivo tamén admite as formas: *dea, deas, dea, deamos, deades, dean.*

22.3.4. DICIR

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
digo dices dice dicimos dicides dicen	dicia dicias dicia dicíamos diciades dician	dixen dixiche dixo dixemos dixestes dixeron
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
dixera dixeras dixera dixéramos dixérades dixeran	direi dirás dirá diremos diredes dirán	diría dirías diría diríamos diríades dirían
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
diga digas diga digamos digades digan	dixese dixeses dixese dixésemos dixésedes dixesen	dixer dixeres dixer dixeremos dixerdes dixerén
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO dicir XERUNDIO dicindo PARTICIPIO dito
di dicide	dicir dicires dicir dicirmos dicirdes diciren	

No galego común utilízanse as variantes innovadoras *dis*, *di*, *din* no presente de indicativo

22.3.5. ESTAR

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
estou estás está estamos estades están	estaba estabas estaba estábamos estábades estaban	esteven esteviche estevo estevemos estevestes esteveron
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
estevera esteveras estevera estevéramos estevérades esteveran	estarei estarás estará estaremos estaredes estarán	estaría estarías estaría estaríamos estariades estarían
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
estea esteas estea esteamos esteades estean	estevese esteveses estevese estevésemos estevésedes estevesen	estever esteveres estever estevermos esteverdes esteveren
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO estar XERUNDIO estando PARTICIPIO estado
está estade	estar estares estar estarnos estardes estaren	

Este verbo presenta tanto na Asturias de fala galega como en zonas de Galicia a variante oral *tar*; pero coidamos que debe manterse a forma plena na lingua escrita.

No canto del radical *estev-* (*esteven, estevera, estevera*) pode usarse el radical *estiv-* del galego común. As formas con *u* (*estuvén, estuvera...*) deben evitarse por presentaren interferencias coel español.

22.3.6. FER

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
fago fais fai femos fedes fain	fia fias fia fiamos fiades fian	fixen fixiche fixo fixemos fixestes fixeron
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
fixera fixeras fixera fixéramos fixérades fixeran	farei farás fará faremos faredes farán	faria farias faria fariamos fariades farian
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
faga fagas faga fagamos fagades fagan	fixese fixeses fixese fixésemos fixésedes fixesen	fixer fixeres fixer fixeremos fixerdes fixeren
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO fer XERUNDIO tendo PARTICPIO feito
fai fede	fer feres fer fermos ferdes feren	

No galego de Asturias tamén se rexistra *faer* (*fago, fais, fai, faemos, faía*, etc.) e *facer* (*fago, fais fai, facemos, facía*, etc.)

Conxúganse deste xeito tódolos derivados de *fer* (e as súas variantes *faer* e *facer*): *afer, desfer, refer*, etc.

22.3.7. HABER

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
hei has hai, ha habemos habedes han	habia habias habia habíamos habíades habían	houben houbiche houbo houbemos houbestes houberon
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
houbera houberas houbera houbéramos houbérades houberan	haberei haberás haberá haberemos haberedes haberán	habería haberías habería haberíamos haberiades haberían
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
haxa haxas haxa haxamos haxades haxan	houbese houbeses houbese houbésemos houbésedes houbesen	houber houberes houber houbermos houberdes houberen
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO haber XERUNDIO habendo PARTICPIO habido
----- -----	haber haberes haber habermos haberdes haberen	

22.3.8. IR

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
vou vas vai, vei imos ides van	iba ibas iba ibamos ibades iban	fun fuche foi fomos fostes foron
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
fora foras fora fóramos fórades foran	irei irás irá iremos iredes irán	iria irías iría iríamos iriades irian
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
vaia vaias vaia vaiamos vaiades vaian	fose foses fose fosemos fósedes fosen	for fores for formos fordes foren
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO ir XERUNDIO indo PARTICIPIO ido
vai, vei vamos ide	ir ires ir irmos irdes iren	

El radical *fo-* das formas *fomos, fostes, foron, fora, fose*, etc. ten un o aberto xeneralidade dos nosos concellos, fronte al radical *fo-* con o pechado del galego común. de Ibias rexístrase tamén el radical coa vocal pechada.

22.3.9. LER

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
leo les le lemos ledes len	lía lías lía líamos líades lian	lin liche leu lemos lestes leron
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
lera leras lera léramos lérades leran	lerei lerás lerá leremos leredes lerán	lería lerías lería leríamos leriades lerían
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
lea leas lea leamos leades lean	lese leses lese lésemos lésedes lesen	ler leres ler lermos lerdes leren
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO ler XERUNDIO lendo PARTICIPIO lido
le lede	ler leres ler lermos lerdes leren	

Os verbos en *-er* (< *-eer*) como *ler*, *crer* (e compostos) son regulares. A irregularidade está nalgú encontros vocálicos que na fala e na escrita, desde época antiga, resolvéron en contraccions.

22.3.10. OUGUIR

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
uzco oes oe ouguimos ouguides oen	ouguía ouguías ouguía ouguíamos ouguíades ouguían	ouguín ouguiche ouguiu ouguimos ouguistes ouguiron
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
ouguira ouguiras ouguira ouguíramos ouguírades ouguiran	ouguirei ouguirás ouguirá ouguiremos ouguiredes ouguirán	ouguiría ouguirías ouguiría ouguiríamos ouguiríades ouguirían
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
uzca uzcas uzca uzcamos uzcades uzcan	ouguise ouguises ouguise ouguísemos ouguisedes ouguisen	ouguir ouguires ouguir ouguirmos ouguides ouguiren
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO
ouguir ouguide	ouguir ouguires ouguir ouguirmos ouguides ouguiren	ouguir XERUNDIO ouguindo PARTICIPIO ouguido

Nas normas oficiais do galego común propónse *oír, oio, oímos, oía, oíra*, etc., formas plenamente galegas e maioritarias xeograficamente..

22.3.11. PODER

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
podo podes podo podemos podedes poden	podía podías podia podíamos podíades podian	puiden puidiche puido puidemos puidestes puideron
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
puidera puideras puidera puidéramos puidérades puideran	poderei poderas podera poderemos poderedes poderan	podería poderías podería poderíamos poderíades poderían
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
poida poidas poida poidamos poidades poidan	puidese puideses puidese puidésemos puidésedes puidesen	puiden puideres puiden puidermos puidertes puideren
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO poder XERUNDIO podendo PARTICIPIO podido
pode podede	poder poderes poder podermos poderdes poderen	

22.3.12. POÑER

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
poño pois pon poñemos poñedes poín	poñía poñías poña poñíamos poñíades poñían	puxen puxiche puxo puxemos puxestes puxeron
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
puxera puxeras puxera puxéramos puxérades puxeran	poñerei poñerás poñerá poñeremos poñeredes poñerán	poñería poñerías poñería poñeríamos poñeríades poñerían
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
poña poñas poña poñamos poñades poñan	puxese puxeses puxese puxesemos puxésedes puxesen	puxer puxeres puxer puxermos puxerdes puxeren
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO
pon poñede	poñer poñeres poñer poñermos poñerdes poñeren	poñer XERUNDIO poñendo PARTICIPIO posto

Ademais de *poñer* no galego de Asturias tamén se rexistra *poer* (*poemos, poedes, etc.; poía, poías, etc.; poerei, poería, etc.; poede; poendo*)

22.3.13. QUERER

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
quero quieres quiere queremos queredes quieren	quería querías queria queríamos queriades querían	quixen quixiche quixo quixemos quixestes quixeron
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
quixera quixeras quixera quixéramos quixérades quixeran	quererei quererás quererá quereremos quereredes quererán	querería quererías querería quereríamos quereriades quererían
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
quira quiras quira quiramos quirades quiran	quixese quixeses quixese quixésemos quixésedes quixesen	quixer quixeres quixer quixeremos quixerdes quixeren
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO
quere queredede	querer quereres querer quereremos quererdes quereren	querer XERUNDIO querendo PARTICIPIO querido

El presente de subjuntivo admite tamén el paradigma *queira, queiras, queira, queiramos, queirades, queiran* e *quera, queras, quera, etc.*

Os derivados cultos de *querer* (*adquirir, inquirir, requirir*) son inmotivados semanticamente; seguen, polo tanto, a lei xeral de incorporación de verbos cultos.

22.3.14. RIR

INDICATIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO
río ris ri rimos rides rir	ría rías ría ríamos ríades rían	rir rir rir rir rir rir
PLUSCUAMP.	FUTURO	FUTURO PRET.
riera rieras riera rieramos rierades rieran	riré rirás rirá riremos riredes rirán	riría rirías riría riríamos riríades rirían
SUBXUNTIVO		
PRESENTE	IMPERFECTO	FUTURO
riera rieras riera rieramos rierades rieran	riera rieras riera rieramos rierades rieran	riera rieras riera rieramos rierades rieran
IMPERATIVO	FORMAS NOMINALES	
	INFIN. CONX.	INFINITIVO
rir rir rir rir rir rir	rir rir rir rir rir rir	rir XERUNDIO rir PARTICIPIO rir

El verbo *rir* é regular. A irregularidade, como en *ler*, está nalgús encontros vocálicos que na fala e na escrita se resolveron en contraccions.

22.3.15. SABER

